



Resumo da Xunta de Persoal da Xefatura Territorial de Educación de Lugo Martes 6 de outubro de 2020

Asisten: **STEG, CIG, CC.OO, FETE-UXT, ANPE e CSIF**

E a inspectora xefa Carmen Arean e a xefa territorial Mariña

1. Cobertura da praza de TEA no EOE

Dende as organizacións sindicais, interesámonos pola ausencia de procedemento, conforme a concurso de méritos, atendendo aos principios de transparencia, publicidade e igualdade de oportunidades.

Informa Carmen Areán de que non hai convocatoria porque dende Santiago non se quixo facer e eles non teñen competencia para facelo. Comenta que se tivo que cubrir de forma urxente e fala dun esforzo inxente na procura de persoas. Non encontraron persoas que estivesen dispostas a cubrir o posto. Neste caso, asignouse a praza á orientadora do CPI Virxe do Monte -que non reúne os 3 anos de experiencia profesional- pero afirma que teñen xente experta que lle vai axudar. Comenta a Inspectora xefa que a profesional saínte desa praza, Maria Guerreiro, fixo un traballo moi bo e que os centros que tiñan casos de TEA xa sabían que esta persoa marchaba. Necesitaban cubri-la con carácter de urxencia.

As OOSS incidimos de novo na conveniencia de cubrir estas prazas conforme ao sinalado antes da súa intervención e solicitamos que sexa unha convocatoria pública , pois é a terceira vez que se procede deste xeito.

2. descoordinación entre Educación e Sanidade.

Dase traslado á Xefa Territorial e Inspectora Xefa do caso do CEIP Laverde Ruiz , dende as autoridades sanitarias decíndolle que non se incorporaran o centro e dende a dirección do centro que se incorporan.

Informa a xefa territorial que son conscientes de que iso estaba pasando pero mantívose unha reunión no HULA o pasado venres con todos os equipos directivos tanto de primaria como secundaria, EOIS e CIPP.

Comenta que é unha cuestión sanitaria, as competencias son de Sanidade, que é quen ten potestade para dicir quen se queda na casa e quen non. Neste momento , EDUCOVID(aplicación dos centros educativos) funciona correctamente. Dende Xefatura incídese na cuestión do abstentismo escolar, en caso necesario iniciar dito protocolo de absentismo.

Van crear unha liña telefónica dende Sanidade para que os centros poidan contactar, os fins de semana tamén existirá un teléfono de garda.

As OOSS pedimos coordinación para que os centros educativos poidan actuar.

3. Actuacións da INSPECCIÓN MÉDICA.

Informa a xefa territorial que na provincia teñen entre 20 e 30 peticións de persoas vulnerábeis. O servizo de prevención de Riscos Laborais ten que avaliar estas persoas (dende o 1 de setembro dispoñen da información.)

4. Problemática do Centro Público Xosé Rabade Arias.

Comenta a xefa territorial que é un centro cunha problemática moi complexa: había tres casos moi problemáticos dentro do alumnado e dous deles foron trasladados. Nestes momentos o persoal docente sofre ameazas e, así as cousas, dende inspección afirman que van estar pendentes da situación. O estado actual é que parece que se recobrou o normal funcionamento do mesmo.

Dende o STEG solicitamos que doten o centro de medios, nestes momentos só teñen encerado e xiz, en pleno século XXI

5. Dotación de material informático aos Centros.

Comenta a xefa territorial que Feijoo fixo o anuncio pero que non saben como vai ser ese reparto.

6. Dotación de persoal de limpeza aos centros.

Dende as organizacións interesámonos, diante dalgúns casos dos que temos constancia, da dotación de persoal de limpeza aos centros e damos traslado da necesidade de avanzar nesta cuestión para garantir a seguridade, saúde e hixiene das comunidades educativas que así o precisen.

A Inspectora Xefa comenta a este respecto que hai arredor de 14 solicitudes de reforzo do persoal de limpeza; esas peticións oscilan entre 1 praza enteira ou media noutros casos.

7. Problemática de prazas con afíns

Expostos algúns casos onde o perfil da praza solicitada contén afíns de difícil conxugación coa especialidade da mesma, a Inspectora xefa fai alusión á situación excepcional que se viviu e o enorme traballo que os equipos directivos fixeron dende o final do curso pasado a este con varios cambios polo medio, cando xa tiñan todo preparado, e afirma que isto tamén puido motivar que algunha praza saíse con afíns tan dispares.

Acórdase que se lle dará traslado á xefatura de Inspección dunha listaxe coas prazas comentadas para o seu estudo.

8. Posibilidade de usar outros espazos preto do IES Sanxillao

Dende o STEG interesámonos pola cuestión xa exposta e coñecida, relativa ao posíbel uso das instalacións onde anteriormente se ubicaba ASPNAIS e que contribuiría enormemente á normal actividade dalgúns Departamentos do IES Sanxillao, nomeadamente o de Cociña (ver resumo da XP anterior en www.steg.gal)

A inspectora Xefa informa de que se falou coa Xefa Territorial de Políticas Sociais e esta explicoulle que esa cesión non é posíbel, porque está previsto que se ubique alí en breve (non saben cando) a actividade de varios colectivos.

Dende as OOSS preguntámonos se a actual situación non faría conveniente revisar esta decisión; a XT afirma que o que hai é iso que comenta e que, en todo caso, podemos ir falar coa Xefa Territorial de Políticas Sociais.

Ao fío disto, comenta as xestións que ela mesmo realizou sen éxito para poder facer uso das instalacións da USC no Campus de Lugo, para poder ter actividade lectiva durante as mañás e contribuír á actividade de 3 centros de Secundaria.

A USC negouse a esta cesión, argumentando que teñen a súa previsión de uso das mesmas e que non poden facelo.

Dende o STEG preguntamos se non existe un convenio da Consellería coa USC e que algo terá que dicir aí a Consellería, incluso proceder a revisar os contidos do mesmo.

9. Arranxo do pavillón do Politécnico

Comenta a Xefa Territorial que se optou pola reforma e arranxo desta instalación aínda que isto implique a imposibilidade de usalo nos vindeiros meses (parece que ata decembro), pois afirma que agora hai partidas e fondos para facelo e demorar esta acción implicaría arriscarse a que máis adiante non sexa posíbel.

Ponse en coñecemento da Xefa Territorial e da Inspectora Xefa que as paradas de bus do IES Pedregal de Irimia figuran todas incorrectamente.

10. Praza de Orientación a tempo completo no IES da Fonsagrada

O STEG expón a conveniencia de que o IES da Fonsagrada puidese contar cunha praza de orientación a tempo completo, dadas as necesidades do mesmo; expone que actualmente hai unha praza con centro base en Cervantes (3 días), acudindo os outros dous á Fonsagrada; pero obsérvase que nese tempo, este curso, agora cubre tamén a reapertura do Ceip de Nogueira de Muniz, co cal vese aínda máis debilitada esta cuestión.

A Inspectora Xefa comprométese a revisalo.